

**BASES DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DEMO DAY CORRESPONDENTES AO
PROGRAMA "DEPOEMPRENDE" 2020-2021. MODALIDADE DO PROXECTO:
"DEPOEMPRENDE NA FP"**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, pon en marcha o programa "DepoEmprende" 2020-2021, segundo a convocatoria publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm. 118, de 22 de xuño de 2020. Esta convocatoria diríxese aos centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia para participar nos diferentes proxectos que acolle o devandito programa: "DepoEmprende na escola", "DepoEmprende na ESO" e "DepoEmprende na FP".

A finalidade do proxecto "DepoEmprende na FP" é promover entre o alumnado de formación profesional de grao medio e superior a iniciativa emprendedora, tanto no ámbito empresarial coma no autoemprego, e tamén a actitude necesaria para asumir riscos e responsabilidades. A metodoloxía proposta baséase na elaboración e xestión de proxectos empresariais para que o alumnado asuma o risco de afrontar diferentes situacións laborais e, deste xeito, mellore a súa participación activa na vida económica, social e cultural do seu contorno.

Con este fin, e repetindo a actividade realizada en convocatorias pasadas, convócase unha nova edición dos Premios Demo Day, que teñen por obxecto fomentar o lanzamento das diferentes propostas elaboradas polo alumnado participante en "DepoEmprende na FP" a través dun proceso participativo, competitivo e secuencial que permita identificar e apoiar proxectos susceptibles de ser desenvolvidos.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de subvencións, así como ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria dos Premios Demo Day que se desenvolve no marco do programa "DepoEmprende" 2020-2021, na modalidade de proxecto "DepoEmprende na FP".

Segunda. Centros educativos destinatarios

Esta convocatoria está dirixida aos centros educativos de formación profesional da provincia de Pontevedra adheridos ao proxecto "DepoEmprende na FP" 2020-2021 (BOPPO, núm. 118, de 22 de xuño de 2020):

1. CIFP Manuel Antonio
2. CPR Daniel Castelao
3. CPR San Miguel
4. IES Johan Carballeira
5. CIFP Carlos Oroza
6. IES Plurilingüe Terra de Turonio

Terceira. Número de proxectos que se poden inscribir por centro, categorías dos premios e programa "Aceleración de proxectos"

3.1. Os centros educativos participantes no proxecto "DepoEmprende na FP" 2020-2021 poderán presentar ideas e proxectos impulsados polo alumnado participante neste marco.

3.2. Cada un dos centros educativos participantes poderá presentar como máximo dous proxectos de entre os desenvoltos no marco do proxecto "DepoEmprende na FP" 2020-2021; corresponderalle exclusivamente ao centro educativo a selección destes, tomando como referencia para esta selección os criterios de valoración establecidos na base sexta.

No caso de que un centro educativo participe no proxecto "DepoEmprende na FP" cos ciclos formativos de grao medio (GM) e grao superior (GS) simultaneamente, poderá seleccionar como máximo dous proxectos de grao medio, dous de grao superior ou un de cada grao; nesta



circunstancia deberase valorar positivamente que o alumnado de ambos os graos teña a oportunidade de participar nos premios.

3.3. Segundo o disposto no Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia e debido a que os centros participantes de FP pertencen a diferentes familias profesionais, diferenciaranse dúas categorías de proxectos, e diferenciarase o alumnado que pertenza a grao medio ou ao superior.

3.4. Para que poidan concorrer as dúas categorías (GM e GS), establécese un número mínimo de tres proxectos para a categoría de grao medio. Deste xeito, no caso de que nesta categoría non se alcance o número mínimo de tres proxectos inscritos, fixarase unha única categoría, na cal concursarán todos os proxectos por igual e cos mesmos criterios de valoración.

3.5. Unha vez que os centros educativos seleccionen os proxectos que se presentarán aos Premios Demo Day, a Deputación de Pontevedra, mediante o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, organizará un programa intensivo de apoio e asesoramento a proxectos denominado "Aceleración de proxectos", antes da celebración dos Premios Demo Day e nas datas que determine a institución provincial. Os centros educativos estarán obrigados a:

- a) Participar en todas as actividades de formación e mentorización
- b) Desenvolver con aproveitamento as sesións de asesoramento, cumprir o calendario de actividades e participar de maneira activa no programa intensivo
- c) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera incidencia que poida afectar de xeito significativo o desenvolvemento do proxecto ou da actuación

3.6. O incumprimento das obrigas citadas nesta base dará lugar á perda da condición de participante nesta convocatoria dos Premios Demo Day.



Cuarta. Premios

4.1. De entre os proxectos presentados aos Premios Demo Day premiaranse os mellores segundo as cualificacións do xurado, atendendo aos criterios establecidos na base sexta. Os premios, dotados cun importe total de mil novecentos euros (1.900,00 €), distribuiranse do seguinte xeito:

- Categoría de grao medio:
 - Un único premio, dotado con 700,00 €
- Categoría de grao superior:
 - Un primeiro premio, dotado con 700,00 €
 - Un segundo premio, dotado con 500,00 €

4.2. No caso de non alcanzarse o número mínimo de proxectos presentados na categoría de grao medio, que serán como mínimo tres de acordo coa base 3.4., establecerase unha única categoría con dous premios:

- Un primeiro premio, dotado con 700,00 €
- Un segundo premio, dotado con 500,00 €

4.3. O desembolso da contía das dotacións dos premios irá con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 21/240.2411.489.00, que ascende a mil novecentos euros (1.900,00 €).

Quinta. Xurado

5.1. A concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizarase segundo a proposta dun xurado nomeado e presidido pola deputada delegada de Promoción Económica e Emprego ou pola persoa en quen delegue, que valorará os diferentes proxectos empresariais seguindo os criterios de valoración establecidos na base sexta.

5.2. O xurado estará integrado por representantes da Deputación e do sector empresarial, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:



- Presidenta, que exercerá a deputada delegada de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue
- Secretario, que exercerá o xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue
- Vogais, ata un máximo de cinco persoas, que serán representantes do sector empresarial e de emprendemento

5.3. Na composición do xurado procurarase unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Sexta. Criterios de selección dos proxectos premiados

Os criterios para a valoración dos proxectos empresariais por parte do xurado para a determinación dos premios en cada unha das categorías serán os seguintes:

- Valoración do proxecto: **80 %**
 - Innovación: 10 %
 - Contribución social do proxecto: 10 %
 - Solidez e viabilidade do proxecto: 40 %
 - Estratexia comercial: 20 %
- Presentación: **20 %**

6.1. Se os Premios Demo Day se desenvolven de forma presencial (base 7.1), os criterios de valoración aplicaranse sobre o proxecto empresarial e o resumo executivo facilitados polos centros educativos antes do acto (base 11), e sobre a presentación do proxecto empresarial que o alumnado realice presencialmente no acto de celebración dos premios.

6.2. Se os Premios Demo Day se desenvolven de forma telemática (base 7.2), os criterios de valoración aplicaranse sobre o proxecto empresarial, o resumo executivo e a presentación do proxecto empresarial que o alumnado realice mediante algún tipo de material audiovisual (base 11), que facilitarán os centros educativos antes do acto.



Criterios de valoración			Modalidade presencial	Modalidade telemática
Valoración do proxecto 80 %	Innovación Creatividade na idea de negocio, utilidade do produto/servizo ofertado, mellora para a futura clientela...	10 %	<ul style="list-style-type: none"> • Proxecto empresarial en formato PDF • Resumo executivo do proxecto 	<ul style="list-style-type: none"> • Proxecto empresarial en formato PDF • Resumo executivo do proxecto
	Contribución social do proxecto Integración na economía e no contorno local, impacto no desenvolvemento do territorio...	10 %		
	Solidez e viabilidade do proxecto Equipo promotor, repartición da carga de traballo, grao de conexión coa realidade, viabilidade económica e técnica...	40 %		
	Estratexia comercial Análise de mercado, deseño do plan de distribución, comunicación comercial, capacidade de introdución no mercado, estratexia no establecemento dos prezos...	20 %		
Presentación 20 %	Calidade, claridade e argumentación Calidade e argumentación clara e coherente, selección e creatividade no uso das ferramentas TIC elixidas para a presentación, mostra de produtos/servizos, uso da imaxe corporativa na presentación...	20 %	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación presencial 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación audiovisual

Sétima. Acto de celebración dos Premios Demo Day

7.1. Previsiblemente, os Premios Demo Day terán lugar de forma presencial no lugar e na data que estableza a Deputación de Pontevedra.

A celebración do acto presencial dos Premios Demo Day estará condicionada ás decisións que tomen as administracións competentes en relación coas medidas necesarias para a prevención da expansión da COVID-19, e organizarase de acordo coas restricións vixentes nese momento.

Cada membro do xurado valorará os proxectos empresariais con anterioridade ao acto, e a parte correspondente á presentación, o propio día do acto de celebración dos Premios Demo Day.



Os centros educativos premiados daranse a coñecer o mesmo día.

7.2. Se non se poden desenvolver de forma presencial, os Premios Demo Day realizaranse telematicamente. Neste suposto, os centros educativos participantes deberán achegar as presentacións dos proxectos empresariais inscritos mediante materiais audiovisuais elaborados polo alumnado, que acompañará o resto da documentación na forma e no prazo establecidos na base décimo primeira.

O Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local remitiralle toda a documentación relativa aos proxectos a cada membro do xurado xunto coa ficha de valoración (segundo os criterios establecidos nestas bases).

7.3. A Deputación de Pontevedra notificaralles aos centros educativos participantes a modalidade, a data e o lugar de celebración dos Premios Demo Day coa suficiente antelación.

Oitava. Requisitos para a inscrición das iniciativas empresariais

8.1. Os proxectos empresariais presentados deberán ser orixinais; entenderase por orixinal aquel que non foi copiado, reproducido nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior.

8.2. As candidaturas deberán facilitar no formulario a información requirida relacionada co proxecto, tal e como se indica a continuación:

- a. Nome do centro
- b. Nome do proxecto
- c. Número de persoas que participan e nomes e apelidos das alumnas e alumnos autores do proxecto
- d. Nome da persoa docente/titora do proxecto no centro educativo
- e. Denominación do ciclo formativo e da familia profesional, especificando se é un FP de grao medio ou superior

8.3. Unha vez revisadas as solicitudes polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, aquelas que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non serán admitidas a trámite e ditarase a oportuna resolución.



Novena. Procedemento de inscrición

Os centros educativos participantes no proxecto “DepoEmprende na FP” 2020-2021 deberán inscribirse nos Premios Demo Day obrigatoriamente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Décima. Comprobación de datos

10.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos, elaborados polas administracións públicas:

- Verificación do NIF da entidade solicitante
- Certificación de estar ao corrente dos pagos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda Autonómica

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inscrición e achegar os documentos correspondentes.

10.2. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

No prazo de cinco días naturais antes da data de celebración dos Premios Demo Day, os centros educativos admitidos deberán facilitarlle ao Servizo de Promoción de Emprego e



Desenvolvemento Local, mediante instancia xenérica, presentada por rexistro segundo o establecido no artigo 16.4 da LPACAP, a seguinte documentación por cada proxecto inscrito:

- Proxecto empresarial en formato PDF: desenvolvemento completo do plan de negocio
- Resumo executivo do proxecto: documento dunha ou dúas páxinas no cal se resalte a proposta de valor de forma clara e concisa, así como a información clave sobre o proxecto empresarial

Se os Premios Demo Day se desenvolven de forma telemática deberase achegar, xunto con esta documentación, o material audiovisual de presentación dos proxectos empresariais inscritos.

Antes da data de celebración dos Premios Demo Day, a devandita documentación remitiráselle ao xurado, quen examinará e valorará os diferentes proxectos.

Décimo segunda. Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Décimo terceira. Publicación de actos administrativos

13.1. Unha vez rematado o prazo de quince (15) días hábiles fixado para presentar as solicitudes, a institución provincial ditará unha resolución na que declarará aprobada a lista provisional de centros educativos admitidos e excluídos, que se publicará na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Os centros educativos excluídos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión.

13.2. A resolución coa relación de premiados derivada da decisión do xurado publicarase na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación, de conformidade co establecido no



artigo 45 da LPACAP, unha vez realizado o acto presencial ou telemático de celebración dos Premios Demo Day.

Así mesmo, estas bases publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDNS), de conformidade co establecido na LXS.

Décimo cuarta. Incumplimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta se puxese de manifesto tras a resolución do concurso e o proxecto afectado fose premiado, o premio obtido quedará sen efecto ou, no seu caso, reintegraranse as cantidades percibidas por tal concepto.

Décimo quinta. Propiedade intelectual dos proxectos

Todas as persoas que concorran a esta convocatoria recoñecen o seu dominio do título e lexitimación suficiente sobre os contidos incluídos nas ideas, e manifestan non infrinxir ningún dereito de propiedade intelectual ou calquera outro dereito que poida ostentar calquera terceira persoa en España ou no estranxeiro sobre os contidos, eximindo a Deputación de Pontevedra de calquera responsabilidade relativa ao uso dos citados contidos.

En todo caso, as persoas participantes asumen baixo a súa exclusiva responsabilidade as consecuencias dos danos e perdas derivadas do uso dos contidos das súas ideas, así como a súa reprodución, difusión ou distribución. Deste xeito, a Deputación de Pontevedra non se responsabilizará no caso de que a idea ou proxecto que se propón ou calquera dos documentos presentados polas persoas solicitantes ou participantes vulneren dalgún modo os dereitos de terceiras persoas en materia de propiedade intelectual, industrial ou de calquera outra índole.

Décimo sexta. Protección e cesión de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa



solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

O acto dos Premios Demo Day poderá retransmitirse a través da páxina web da Deputación de Pontevedra e a toma de imaxes poderá ser obxecto de publicación.

Décimo sétima. Interpretación, modificación e suspensión das bases

A Deputación de Pontevedra estará facultada para interpretar e resolver as dúbidas que poidan suscitar as bases desta convocatoria. O órgano competente para aprobar estas bases poderá modificalas, suspender a convocatoria do programa ou declarar as vacantes que considere oportunas.

En todo o non previsto nestas bases o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para ese efecto.

Décimo oitava. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica o coñecemento e a aceptación incondicional destas bases reguladoras, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación de Pontevedra.



O feito de participar nestes premios supón a autorización das persoas participantes para expoñer, difundir e publicitar a imaxe e os proxectos presentados por calquera medio que se xulgue oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nestas bases e só a Deputación, a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, estará facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación e decidir a suspensión dunha das especialidades no caso de que non haxa unha participación mínima de seis proxectos por categoría.

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveraaas o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

